



ROMANZO DI UNA STRAGE

Italia, 2012 | 129 min | Drama

DIRECTOR Marco Tullio Giordana

GUIÓN Marco Tullio Giordana, Sandro Petraglia, Stefano Rulli

MÚSICA Franco Piersanti

FOTOGRAFÍA Roberto Forza

INTÉRPRETES Valerio Mastandrea, Pierfrancesco Favino, Michela Cescon, Fabrizio Gifuni, Luigi Lo Cascio, Laura Chiatti, Giorgio Colangeli, Omero Antonutti, Thomas Trabacchi, Giorgio Tirabassi

SINOPSE O 12 de decembro de 1969, unha explosión na milanese Piazza Fontana destrúe a sede do Banco Nacional de Agricultura: morren dezasete persoas e outras noventa resultan gravemente feridas. No mesmo día, tres bombas explotan en Roma. O ministro do Interior, Franco Restivo, aposta por unha serie de medidas represivas ás que se opón Aldo Moro, ministro de Exteriores. A atribución dos atentados a un grupo anarquista leva á detención, tortura e asasinato dun militante desa banda; pero a autoría real provén do grupo de extrema dereita Ordine Nuovo, que pretende crear unha inestabilidade que propicie o golpe de estado de Junio Valerio Borghese, coñecido como o *Príncipe Negro*.

Un cineasta dotado inscribe a miúdo o ton xeral da súa película nos pequenos detalles ou nesas situacións satélite, aparentemente banaís, que alixeiran unha trama dura ou que te separan momentaneamente da traxedia principal. Neste sentido, a segunda secuencia de *Romanzo di una strage* resulta modélica. A súa calidez interrompe o ruído, o clima de violencia dunha manifestación. Serve, en principio, como carta de presentación do seu protagonista, Luigi Calabresi, pero sobre todo achega o verdadeiro pulso que depara o resto da metraje. Nela, o noso heroe, seguindo as confusas indicacións da súa muller, non logra encontrar o punto ideal onde debe colocar un cadro ata que, simbolicamente, soa o teléfono. Metáfora sutil, en clave doméstica, do que, en definitiva, é a película: o relato dun oficial de policía que debe asumir a investigación dun crime, de resonancias tan complexas coma contraditorias, ata que a perigosa información obtida activa unha alarma e impide que o oficial atine e, en conclusión, deixará o caso sen resolver.

Con *Romanzo di una strage*, Marco Tullio Giordana sela unha triloxía que segue unha cronoloxía inversa, pois arranca con *Il caso Moro* (1986) de Giuseppe Ferrara e continúa con *Pasolini, un delitto italiano* (1995) do mesmo Giordana, tres capítulos funestos dunha das etapas máis convulsas de Italia, cuxa autoría, nos tres casos, foi motivo durante décadas de varios xuízos e diversas investigacións. A coherencia desta triloxía casual refórzase polo feito de ser películas que, malia que tratan crimes cuxa culpabilidade quedou orfa, asumen o compromiso de sinalar quen foron, moral ou facticamente, os verdadeiros responsables de cada catástrofe. Pero, a diferenza dos dous anteriores, habería que preguntarse por que Giordana neste, o seu último filme, apostou por reconstruír a traxedia cos seus propios medios, sen recorrer en ningún momento a imaxes de arquivo. Que o levou esta vez a desestimar esa combinación entre documental e ficción, cuxo éxito achega nas dúas xoias anteriores unha simbiose do máis convincente e esclarecedor? Quizais a resposta estea na mesma dedicatoria que abre o filme, as quince vítimas da traxedia que retrata, a chamada Strage di Piazza Fontana; é dicir, o masacre que tivo lugar no Banco Nacional de Agricultura, sito na dita praza, ao explotar unha bomba o 12 de decembro de 1969. Colocar ao principio do filme os quince nomes e apelidos, sen precisar que foron as vítimas, supón toda unha declaración de intencións por parte do autor, pois destaca a única pegada fiable do real, o único feito indiscutible deste brutal atentado. O resto, escuro, perturbador, indescifrable, só pode ser mera ficción, pura especulación.

Daniel Gascó



SINOPSIS El 12 de diciembre de 1969, una explosión en la milanesa Piazza Fontana destruye la sede del Banco Nacional de Agricultura: mueren diecisiete personas y otras noventa resultan gravemente heridas. En el mismo día, tres bombas explotan en Roma. El ministro del Interior, Franco Restivo, apuesta por una serie de medidas represivas a las que se opone Aldo Moro, ministro de Exteriores. La atribución de los atentados a un grupo anarquista lleva a la detención, tortura y asesinato de un militante de esa banda; pero la autoría real proviene del grupo de extrema derecha Ordine Nuovo, que pretende crear una inestabilidad que propicie el golpe de Estado de Junio Valerio Borghese, conocido como el Príncipe Negro.

Un cineasta dotado inscribe a menudo el tono general de su película en los pequeños detalles o en esas situaciones satélite, aparentemente banales, que aligeran una trama dura o te separan momentáneamente de la tragedia principal. En este sentido, la segunda secuencia de *Romanzo di una strage* resulta modélica. Su calidez interrumpe el ruido, el clima de violencia de una manifestación. Sirve, en principio, como carta de presentación de su protagonista, Luigi Calabresi, pero sobre todo aporta el verdadero pulso que depara el resto del metraje. En ella, nuestro héroe, siguiendo las confusas indicaciones de su mujer, no logra encontrar el punto ideal donde debe colocar un cuadro hasta que, simbólicamente, suena el teléfono. Metáfora sutil, en clave doméstica, de lo que, en definitiva, es la película: el relato de un oficial de policía que debe asumir la investigación de un crimen, de resonancias tan complejas como contradictorias, hasta que la peligrosa información obtenida activa una alarma, impidiendo que el oficial dé en el clavo y, en conclusión, dejando que el caso quede irresuelto.

Con *Romanzo di una strage*, Marco Tullio Giordana sella una trilogía que sigue una cronología inversa, pues arranca con *Il caso Moro* (1986) de Giuseppe Ferrara y continúa con *Pasolini, un delitto italiano* (1995) del mismo Giordana, tres capítulos funestos de una de las etapas más convulsas de Italia, cuya autoría, en los tres casos, fue motivo durante



décadas de varios juicios y diversas investigaciones. La coherencia de esta trilogía casual se refuerza por el hecho de ser películas que, tratando crímenes cuya culpabilidad quedó huérfana, asumen el compromiso de señalar quiénes fueron, moral o fácticamente, los verdaderos responsables de cada catástrofe. Pero, a diferencia de los dos anteriores, habría que preguntarse por qué Giordana en este, su último film, ha apostado por reconstruir la tragedia con sus propios medios, sin recurrir en ningún momento a imágenes de archivo. ¿Qué le ha llevado esta vez a desestimar esa combinación entre documental y ficción, cuyo éxito aporta en las dos joyas anteriores una simbiosis de lo más convincente y esclarecedora? Quizá la respuesta esté en la misma dedicatoria que abre el film, las quince víctimas de la tragedia que retrata, la llamada Strage di Piazza Fontana, es decir, la masacre que tuvo lugar en el Banco Nacional de Agricultura, sito en dicha plaza, al explotar una bomba el 12 de diciembre de 1969. Colocar al principio del film los quince nombres y apellidos, sin precisar que fueron las víctimas, supone toda una declaración de intenciones por parte del autor, pues destaca la única huella fiable de lo real, el único hecho indiscutible de este brutal atentado. El resto, oscuro, perturbador, indescifrable, solo puede ser mera ficción, pura especulación.

Daniel Gascó

